

ESPECTÁCULO
DISPONIBLE
CON OU SEN
AEREOS

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: Ariñe Azkue
e Óscar Páez

XÉNEROS: clown e malabares



50'



FAMILIAR

CIRCO CHOSCO CHOSCO!

A COMPAÑÍA

Circo Chosco créase ao coñecérense Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreka (Pamplona), na que se formaron durante tres anos. Alí aprenderon diferentes técnicas de circo así como malabares, equilibrios, aéreos, clown, interpretación, creación... Despois tomaron diferentes camiños até que o actor, clown, docente e director Walter Velázquez lles botou unha man na dirección do espectáculo *Chosco!*

Ariñe Azkue realizou traballo con compañías como Zirko Oreka, Zirika Zirkus, Panpinpox... e foi profesora de Técnicas aéreas na mesma escola Oreka na que estudou. Óscar Páez formou parte de diferentes compañías de circo, como La Banda e Zirko Oreka, ademais de actuar en diferentes festivais de teatro de rúa e galas circenses. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, foi profesor de Acrobacia e malabar na Universidade Pública de Pamplona.

O ESPECTÁCULO

Dous personaxes, dous problemas, dous caraduras, dous disparates máis que persoas! Estes par de protagonistas realizará un espectáculo cheo de trampas, golpes, maxia, fracasos, éxitos, bágoas e risas... E sobre todo, moito circo!

Chosco é un espectáculo case sen fala e para todo tipo de público, que ten como resultado unha obra cómica con acrobacia, malabar e técnicas de portés e equilibrios, na que o público se unirá ao dúo de artistas na emoción e na gargallada.



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA